

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: MÚSICA

CURSO: 1º BACHALERATO

MATERIA: LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

PROFESORA: MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ GOBERNA

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.

1ª AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou canción con acompañamento.	LPM1.1. 1. Coñece os órganos e funcións do aparello fonador.	CMCCT
	LPM1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.	CSC CCEC
B2.1. Recoñecer autodivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.	LPM2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.	CMCCT CSC
B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras, os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.	LPM3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.	CMCCT CCEC
B4.1. Realizar exercicios psicomotores e estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.	LPM4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.	CMCCT

2ª AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.2. Identificar intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partires de diferentes alturas.	LPM1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas o acordes a partir de diferentes alturas, utilizando una correcta emisión da voz.	CSC CMCCT
B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas	LPM2.2.2. Utiliza a lectura e escritura musical como apoio á audición.	CCEC
	LPM2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.	CCEC
	LPM2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.	CCEC

B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.	LPM3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.	CCEC
B4.3. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as aportacións do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.	LPM4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.	CCEC
	LPM4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.	CSC CCEC
	LPM4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.	CSC
	LPM4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.	CSC

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Recuperación das avaliacións suspensas

Non hai alumnos con avaliacións suspensas.

Actividades de repaso, reforzo ou ampliación:

Dende o 16 de Marzo estanse realizando actividades dos últimos contidos da segunda avaliación e tamén diversas actividades que teñen a finalidade de seguir avanzando na materia.

Metodoloxía:

A comunicación co alumnado será a través da aula virtual do centro e por correo electrónico.

Na aula virtual do centro danse instrucións do tema a tratar, das actividades... As tarefas enviaranse por correo electrónico para a súa corrección de maneira individual

Materiais e recursos:

- Resumos pendurados na Aula virtual
- Tutoriais para a comprensión de contidos
- Enlaces de vídeos de pezas musicais destacadas
- Enlaces para tocar con fruta ou karaokes

3. Avaliación e cualificación

Instrumentos:

Nas dúas primeiras avaliacións: Probas escritas, probas prácticas e a participación activa nas actividades propostas na aula.

Procedemento para o cálculo da cualificación final

A nota final será a media ponderada das cualificacións da 1ª (60%) e 2ª avaliación (40%). A razón pola que a 2ª avaliación sexa considerada solo o 40% é porque quedou pendente de facer unha proba escrita, pois a data que estaba prevista para facela coincidiu co período de confinamento.

Poderase subir ata un punto se as actividades propostas durante o período telemático mostran calidade, orixinalidade e cumprimento dos prazos de entrega.

4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade

- Este documento será pendurado na páxina web do centro.

5. Proba de setembro

Non hai alumnos para setembro.

6. Alumnado de materia pendente

Non hai alumnos con materia pendente.